



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DE UN OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL E DOUS OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DE VIMIANZO, FINANCIADOS POLO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Por Resolución da Alcaldía núm. 555/2016 de data 28 de abril de 2016 declarouse a necesidade e urxencia da contratación de oficiais de segunda de albanel, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do RDlei 20/2011, do 30 de decembro.

Por Resolución da Alcaldía núm. 557/2016 de data 29 de abril de 2016 declarouse a necesidade e urxencia da contratación de operarios de servizos múltiples, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do RDlei 20/2011, do 30 de decembro.

Vista a subvención concedida a este concello ao abeiro das bases do Programa de Integración Laboral publicadas no BOP nº 75 do 21 de abril de 2016, para a contratación de tres oficiais de segunda de albanel e dous operarios de servizos múltiples, durante 5 meses, a xornada completa.

Vista a proposta da Alcaldía de bases de selección, de data 8 de xullo de 2016, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL, POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO, DE UN OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL SERVIZOS MÚLTIPLES PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NO EXERCICIO 2016

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a selección e posterior contratación laboral temporal, baixo a modalidade de contrato laboral por obra ou servizo determinado, de un (1) oficial de segunda de albanel e dous operarios de servizos múltiples, a xornada completa (40 h semanais), cunha duración de cinco (5) meses dende o inicio da súa contratación .

As tarefas a realizar polos oficiais de segunda de albanel son as seguintes:

1º. Mantemento de instalacións municipais e de uso público: reparación de beirarrúas, pintura en instalacións, etc

2º. Pequenas construcións e replanteos en bens de propiedade municipal.

As tarefas a realizar polos operarios de servizos múltiples son as seguintes: limpeza de rúas, recollida de lixo, desbroces mecanizados, apoio nas tarefas relacionadas coas celebracións de verán (montaxe de escenarios, transporte de valados e instalacións, limpeza...), apoio a Protección Civil, limpeza de maleza en pistas, camiños e outros espazos de uso público.

A contratación está financiada polo Programa de Integración laboral da Deputación da Coruña, que se rexe polas bases publicadas no BOP nº 75 do 21 de abril de 2016.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a estas prazas:

REQUISITOS XERAIS:



- Ter nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007.
- Posuír a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

REQUISITOS ESPECÍFICOS:

- Estar en situación de desemprego
- Estar en posesión do permiso de conducir B, ou aqueles outros equivalentes conforme á lexislación española
- Estar incluídas nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral (segundo a cláusula 3ª das bases):
 - Mulleres ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - Maiores de 45 anos.
 - Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
 - Persoas desfavorecidas que estean an algunha das seguintes situacións: drogodependencias, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - Parados de longa duración. Aos efectos deste programa se considerarán parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandante de emprego.
 - Persoas vítimas de violencia de xénero.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

Terceira.- Duración e tipo de contrato.

O contrato de traballo será a xornada completa (40h semanais), cunha duración de cinco (5) meses dende o inicio da súa contratación, con distribución de xornadas segundo o que estableza a alcaldía.

Cuarta.- Retribucións.

As retribucións estipuladas serán de 1.326,14 euros brutos mensuais (salario + pagas extras).



Quinta.- Sistema de selección.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición.

1º. Fase de concurso (ata un máximo de 2 puntos)

- A)** Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, ata un máximo de 1,50 puntos: a razón de 0,50 puntos por programa rematado.
- B)** Formación en prevención de Riscos Laborais, ata un máximo de 0'25 puntos:
- Curso de menos de 60h 0'10 puntos.
 - Curso de 60 ou máis horas 0'25 puntos.

Só se valorará o de máxima puntuación, sen acumular.

- B)** Coñecemento do galego ata un máximo de 0'25 puntos: outorgarase esta puntuación aos candidatos que presenten documentación acreditativa de estar en posesión de Celga 2 e, para os que non o teñan, realizarase unha proba para comprobar o coñecemento do galego que terá como puntuación máxima 0,25.

A documentación que se presente para acreditar os requisitos e méritos deberá ser orixinal ou copia cotexada.

2º. Fase de oposición (ata un máximo de 8 puntos)

Proba na que se poñan de manifesto os coñecementos e habilidades para desenvolver os postos referidos en bases anteriores ata 8 puntos:

OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES

1º. Proba tipo test cunha puntuación de ata 1 punto. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos teóricos nas seguintes materias:

- 1.- O Municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
- 2.- Os municipios. Competencias e órganos de goberno.
- 3.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 4.- Conceptos básicos en mecánica.
- 5.- Xestión municipal de residuos.

2º. Proba práctica cunha puntuación ata 7 puntos. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos prácticos na condución dun camión de recollida do lixo, de peón auxiliar do camión, de manexo de medios do Grumir e doutras tarefas similares.

Para a valoración desta proba práctica, o tribunal poderá solicitar a colaboración/asesoramento de persoal municipal ou técnico externo con coñecementos en funcións similares ás do posto.

OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL

1º. Proba tipo test cunha puntuación de ata 1 punto. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos teóricos nas seguintes materias:



- 1.- O Municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
- 2.- Os municipios. Competencias e órganos de goberno.
- 3.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 4.- Conceptos básicos en albanelaría.
- 5.- Conceptos básicos en canteiría.

2º. Proba práctica cunha puntuación ata 7 puntos. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos prácticos en albanelaría.

Sexta.- Presentación de instancias e procedemento de selección.

No prazo de cinco (5) días hábiles despois da publicación das bases na web e no taboleiro municipal as persoas candidatas, deberán presentar conforme ao modelo do anexo I, o xustificante dos méritos que aporta para a súa valoración no concurso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Sétima.- Tribunal cualificador.

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía - Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido por Lei 7/2007 de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vimianzo.

Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Vimianzo.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, alomenos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.



5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou o procesos selectivo un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6.- Unha vez realizadas as probas (test, proba práctica), publicaranse no taboleiro de anuncios os resultados acadados por orde de puntuación, e darase o prazo de dous días naturais para que as persoas interesadas presenten alegacións no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste último caso, deberán adiantar por fax, dentro do prazo de presentación, un resguardo de ter presentado a alegación.

No mesmo prazo, os aspirantes seleccionados deberán presentar a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previstos na base 2ª, en orixinal ou copia compulsada, a saber:

- a) Fotocopia compulsada do DNI, en vigor
- b) Copia da tarxeta de demandante de emprego
- c) Fotocopia compulsada do permiso de conducir B en vigor
- d) Fotocopia de tarxeta sanitaria ou documento que indique o número de afiliación á Seguridade Social
- e) Informe de vida laboral actualizado
- f) Informe social (no caso das persoas desfavorecidas)
- g) Certificado de recoñecemento da discapacidade (no caso das persoas con discapacidade)
- h) Documentos previstos na lei 11/2007, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero, para acreditar unha situación de violencia de xénero.

Unha vez rematado o prazo anterior, o tribunal elevará proposta á alcaldía das persoas que cumpren os requisitos para o posto de un (1) oficial de segunda de albanel e dous operarios de servizos múltiples, e que obtiveran a maior puntuación.

Estes aspirantes deberá pasar un exame médico que verifique a súa capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo, en vista do obxecto das tarefas a realizar, descritas na base de selección primeira. O resultado será apto ou non apto. Se non pasa o exame médico quedará eliminado, correndo a lista ao seguinte con máis puntuación, que tamén deberá pasar o exame médico.

Os restantes aspirantes que superaron o dito proceso pasarán a integrar una bolsa de reserva, para os casos de baixas, vacacións ou renuncia por parte dalgún dos contratados neste proceso selectivo, que, se é o caso, deberán pasar un exame médico.

Oitava.- Formalización dos contratos.

A proposta do tribunal cualificador elevarase a Alcaldía - Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

A formalización do contrato laboral co aspirante seleccionado será competencia do Sr. Alcalde – Presidente, debendo aquel incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexa requirido para elo.



ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA DE UN OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL E OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS

Nome e apelidosDNI

Enderezo: Municipio:

Teléfono: Correo electrónico:

EXPOÑO

- 1) Que teño coñecemento da publicación das bases para cubrir postos de traballo temporais de un oficial de segunda de albanel e dous operarios de servizos múltiples para cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais, as cales acepto, e declaro que cumplo os requisitos xerais e específicos esixidos.
- 2) Que coñezo a lingua galega SI NON
- 3) Que teño nacionalidade española: SI NON
- 4) Que cumpro o requisito de ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. SI NON
- 5) Que cumpro o requisito de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
 SI NON

Por todo iso,

SOLICITO

Que teña por presentada a miña candidatura para o proceso de selección de (marcar cun x o que proceda):

Un oficial de segunda de albanel para cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais

Dous operarios de servizos múltiples para cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais

No reverso relaciono os documentos que presento en relación aos requisitos e baremos que figuran nas bases.

Vimianzo,..... de 2016

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO

RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE ACOMPAÑO, ORIXINAIS O COPIAS COTEXADAS:



Xustificante dos méritos que aporta para a súa valoración no concurso.

Bases propostas pola Alcaldía.

Vimianzo, a 8 de xullo de 2016

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

Vistos os documentos contables RC emitidos pola Intervención municipal o 23/06/2016, nas aplicacións orzamentarias 1532 131900 e 1532 16000.

Consta informe favorable con observacións emitido pola secretaría municipal na data do 11 de xullo de 2016.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tendo en conta:

- O establecido no artigo 21.1.G, en concordancia co artigo 102 da LBRL, e tamén o disposto na lexislación sobre a garantía dos principios de capacidade, mérito e publicidade (art. 103 e 91 da LBRL).
- A Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (artigo 5)
- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O Real Decreto Lexislativo, 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- O art. 3.2 do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- A Lei 48/2015 do 29 de outubro de Orzamentos Xerais do Estado para 2016.

Por medio da presente RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a proposta da Alcaldía, de data 08/07/2016, de bases de selección para a contratación de un oficial de segunda de albanel e dous operarios de servizos múltiples, na modalidade de contrato laboral por obra ou servizo de duración determinada, financiados con cargo ao Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña.

Segundo.- Ordear a publicación das anteditas bases no taboleiro de edictos, na páxina web municipal e publicar anuncio nas carteleiras municipais e a través de sms ás persoas inscritas na bolsa de emprego municipal.



Así o manda e asina o Sr. Alcalde, en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria